



XUNTA DE GALICIA

Proxecto de Decreto, polo que se aproba o regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública e o fondo de melloras.

Entendendo superado o modelo dos vellos consorcios e convenios, nos que a Administración resultaba titular dun auténtico dereito real sobre o monte, faise patente non só a necesidade de superar os antigos modelos de exclusiva repoboación forestal poñendo en valor a multifuncionalidade do monte, senón fundamentalmente a necesidade de salientar o rol principal e protagonista dos propietarios de xeito que estes recuperen tanto a plena conciencia da súa condición, como a ineludible responsabilidade que aquilo comporta.

Neste contexto, e ao abeiro da competencia exclusiva que o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu artigo 27.10 en materia de montes, aproveitamentos forestais e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución en materia de lexislación básica sobre medio ambiente foi aprobada a Lei 7/12 de 28 de xuño, de montes de Galicia, presidida pola intención de previr e reducir a degradación do monte e fomentar a restauración do mesmo, paliar a sobreexplotación de determinados recursos, preservando a masa forestal e mesmo poñéndoa en valor, afondando no concepto de xestión sostible e, especialmente, no manexo forestal responsable.

Xa a exposición de motivos da dita Lei establecía que unha das finalidades da mesma non é outra que a de fomentar e impulsar a riqueza forestal, sendo un dos seus obxectivos fundamentais garantir a súa adaptación á realidade forestal e ás necesidades da sociedade galega, merecendo indubidabelmente especial atención aquelas máis específicas dos propietarios do sector.

Deste xeito o presente Decreto procura a mellora significativa de ditos intereses sociais e colectivos de carácter territorial, paisaxístico-ambiental e, mesmo, sociocultural que describen a sostibilidade do territorio.

Ao respecto, a citada Lei de montes xa prevía no seu artigo 124 a creación dun Fondo de Melloras para a realización de inversións de carácter forestal, destinado á xestión forestal sostible dos montes, sendo unha das súas seccións a dedicada aos montes que presentasen un contrato temporal de xestión pública.

Asemade, no seu artigo 44 tamén se contemplaba a posibilidade de que os titulares de montes privados puideran xestionalos por si ou ben contratar a súa xestión a persoas físicas ou xurídicas de dereito privado ou público.

En efecto, a aplicación e desenvolvemento da presente norma persigue aportar solucións para acadar unha axeitada xestión, tratando de superar as limitacións tanto económicas, como técnicas dos propietarios de maneira que, unha vez que a Administración recupere a contía dos anticipos realizados, cos xuros correspondentes, equivalentes ao interese legal do diñeiro, o contrato quede resolto e, porén, os propietarios resulten dotados daquelas ferramentas precisas para asumir e acometer no sucesivo a axeitada xestión técnica dos seus montes.

Sobre estas bases, e a partir do previsto no artigo 123 da Lei de Montes de Galicia, a formulación do novo contrato de xestión pública, conforma un novo escenario baixo un



XUNTA DE GALICIA

enfoque da gobernanza inexorablemente vencellada aos propietarios. Neste contexto, o servizo técnico de xestión será acometido pola Administración, ben sexa directamente ou ben a través dos seus entes instrumentais, ou a través de terceiros operadores do sector pero, en todo caso, consonte ás disposicións do proxecto de ordenación, aprobado segundo estritos e rigorosos criterios técnicos.

En síntese, o contrato de xestión resulta ser un contrato de medios no seo do cal a Administración ofrecerá o imprescindible financiamento previo e máis a asistencia técnica precisa para a posta en valor do monte, resultando fundamental a posta en práctica dun axeitado mecanismo de gobernanza, especialmente necesaria, pola súa relevancia tanto cualitativa como cuantitativa, no caso das comunidades de montes veciñais en man común.

En suma, cabe concluír que o contrato temporal de xestión pública é case un pacto social entre os propietarios do monte e a propia sociedade, instrumentalizado a través da Administración na procura dun interese tanto económico, como territorial, ambiental e mesmo social e cultural.

Deste xeito, tras seren consultados os diferentes axentes, apróbase este Decreto, coa finalidade de establecer o marco normativo dos contratos de xestión pública, así como para definir a xestión económica a través do Fondo de Melloras.

O Decreto estrutúrase en catro capítulos, 31 artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia ao Consello Forestal de Galicia e a publicación do texto, para alegacións, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo /oído o Consello Consultivo e despois de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día



XUNTA DE GALICIA

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e competencia

Artigo 1. Obxecto

1. O presente Decreto ten por obxecto a regulación dos contratos temporais de xestión pública.
2. O contrato temporal de xestión pública é un acordo subscrito entre o titular dun monte e a Administración segundo o cal a Administración se compromete tanto á prestación dun servizo técnico como a un investimento en obras e servizos permanecendo a plena propiedade e gobernanza no seu lexítimo titular. Entendendo dita gobernanza como unha forma de goberno cooperativa, transparente e equitativa, onde se favoreza a participación na toma de decisións, e deste xeito quede fortalecida a lexitimidade delas.
3. Ditos contratos terán por obxecto a superficie total do monte titularidade do solicitante, e atenderán a criterios de diversificación e multifuncionalidade do mesmo. De xeito excepcional e motivado, permitirase un contrato que non abranca a totalidade da superficie, sempre e cando existan superficies preexistentes baixo cesión a terceiros, que en ningún caso poderán, de xeito conxunto, exceder do 10 por cento da superficie total do monte. Ditas superficies deberán ser convenientemente tratadas na planificación prevista dentro dos proxectos de ordenación forestal, e das súas revisións ou modificacións.
4. No caso das comunidades de propietarios, asociacións ou entidades titulares o acordo para proceder á sinatura do contrato de xestión requirirá da porcentaxe de representación e da maioría legalmente establecida para a realización de actos dispositivos.

Artigo 2. Investimento

1. O investimento en obras e servizos terá, en parte, a natureza de anticipo reintegrable, remunerado cos xuros equivalentes ao interese legal do diñeiro, e en parte a consideración de subvención non reintegrable.
2. A intensidade da axuda da parte non reintegrable será como máximo de até o 80% do total do importe obxecto do investimento nos casos dos apartados a), d) e máis e) do artigo 4 e até o 50% nos restantes casos e concretarase en cada convocatoria.

Artigo 3. Servizo técnico de xestión

1. Os contratos temporais de xestión pública terán por obxecto tanto o citado investimento en obras e servizos, como a prestación dun servizo técnico orientado a impulsar a xestión



XUNTA DE GALICIA

do monte e ordenar os seus aproveitamentos na procura do fomento das producións en calidade, diversidade e cantidade, atendendo a criterios de diversificación da produción, sostibilidade e rendibilidade en todos aqueles casos en que a insuficiencia ou inexistencia de recursos económicos e financeiros imposibilite aos propietarios a súa acometida.

2. A xestión ou execución das actuacións poderá ser realizada pola Administración, ben directamente ou por medio dos seus entes instrumentais, ben por terceiras persoas físicas ou xurídicas que desempeñen actividade no sector mediante calquera negocio xurídico admitido en Dereito.

Artigo 4. *Ámbito de aplicación*

1. O contrato temporal de xestión pública dos montes poderá concertarse con:

- a) Propietarios públicos ou privados de montes protectores.
- b) Comunidades de montes veciñais en man común que carecesen de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estivese garantida.
- c) Propietarios de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo que carecesen de recursos económicos e financeiros suficientes e cuxa sostibilidade económica, social e ambiental non estivese garantida.
- d) Propietarios de montes particulares ou as súas agrupacións forestais de xestión conxunta, en terreos forestais ocupados por masas de alto valor xenético.
- e) Propietarios de montes particulares ou as súas agrupacións forestais de xestión conxunta, en terreos forestais ocupados por formacións significativas de frondosas que se recollen no Anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, segundo as condicións e requirimentos establecidos na normativa de desenvolvemento.
- f) Propietarios de montes particulares ou as súas agrupacións forestais de xestión conxunta naqueles casos nos que as especiais dificultades para a valorización e as condicións do monte así o aconsellen.

2. Tódolos suxeitos sinalados no punto anterior deberán acreditar de forma obxectiva tanto a súa capacidade de obrar suficiente, como a insuficiencia ou inexistencia de recursos económicos e financeiros ou de existencias de aproveitamentos que lles permitan afrontar por si mesmos a xestión dos montes.

Considerarase que carecen de recursos económicos e financeiros suficientes para afrontar a xestión por si mesmos, aqueles titulares dos montes, sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran cos requisitos que se estableceran en cada unha das convocatorias publicadas.

En todo caso, non se terá por acreditada dita insuficiencia de recursos económicos e financeiros naqueles casos en que a sostibilidade deses montes resulte garantida, segundo os requisitos que se establezan en cada convocatoria, coas existencias de aproveitamentos valoradas a prezos medios de mercado.

3.- Quedarán excluídos para a formalización de contratos temporais de xestión pública:



XUNTA DE GALICIA

- a) Aqueles montes veciñais xa xestionados cautelaramente no momento da convocatoria, consonte o artigo 27 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia.
- b) Aqueles montes que xa contén no momento da convocatoria coa declaración de estado de grave abandono ou degradación, consonte os artigos 28 e 29 da citada Lei.
- c) Aqueles montes que non estean inscritos no Rexistro da Propiedade.
- d) Aqueles montes en situación xurídica de pendencia por extinción ou desaparición da Comunidade de veciños ás que fai mención o artigo 20 da citada Lei de montes veciñais en man común de Galicia.

Artigo 5. *Competencia*

1. Será competente para os efectos establecidos no presente Decreto a Consellería con competencias en materia de montes.
2. Dita figura contractual estará excluída do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do Sector Público consonte ao disposto no artigo 11, apartado 4 da mesma.
3. No entanto, as actuacións en materias de xestión de montes que desenvolva a Administración forestal en aplicación de dito contrato, xa sexan obras, servizos ou calquera outro, deberán rexerse polas normas e preceptos regulados en materia de contratos do sector público.

CAPÍTULO II

Da xestión dos aproveitamentos forestais

Artigo 6. *Xestión pola Administración forestal*

1. A xestión forestal sostible dos montes con contratos temporais de xestión pública realizarase pola Administración, a través dun proxecto de ordenación forestal, aprobado polo órgano forestal competente, e que estará inscrito no Rexistro Galego de Montes Ordenados.
2. Os proxectos de ordenación se elaborarán a instancia do propietario ou do titular dos dereitos de uso e desfrute sobre o monte, ou da entidade que teña a responsabilidade da súa xestión, e contarán coa conformidade expresa do propietario o do titular dos dereitos sobre o monte.
3. En ausencia de iniciativa por parte do propietario ou titular dos dereitos sobre o monte, ou da entidade que teña a responsabilidade da súa xestión, ditos proxectos poderán elaborarse a instancia da Administración forestal e redactarse por técnicos competentes en materia forestal, seguindo as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia, coa



XUNTA DE GALICIA

conformidade dos propietarios ou titulares dos dereitos sobre o monte. Nestes casos o importe da redacción do proxecto finalmente aprobado será computado integramente como anticipo, debendo ser obxecto de reintegro.

4. En todo caso, os proxectos de ordenación se redactarán por técnicos competentes en materia forestal, seguindo as instrucións xerais de ordenación de montes de Galicia.

5. Con carácter xeral, os proxectos de ordenación forestal, aínda que, logo de xustificación, poderán ser redactados conxuntamente para grupos de montes que sexan propiedade ou cuxa xestión sexa responsabilidade da mesma entidade e presenten características semellantes. En todo caso, o plan especial desagregarase a nivel de monte.

6. A aprobación dos proxectos de ordenación forestal corresponde ao órgano forestal da Comunidade Autónoma, conlevando a inclusión de oficio no Rexistro Galego de Montes Ordenados, si ben o proceso de solicitude de aprobación será iniciado polo propietario ou titular dos dereitos sobre a finca.

7. Calquera alteración debida á modificación de aspectos puntuais ou ben pola revisión de aspectos substanciais dos proxectos de ordenación forestal se adaptará ás condicións e prazos que se establezan nas instrucións xerais para a ordenación de montes, deberá ser comunicada ao propietario dos terreos ou titular do dereito sobre o monte, sendo necesario ademais, no caso de verse alterados aspectos substanciais, a súa conformidade.

8. En tanto non estea aprobado o proxecto de ordenación, ou as súas correspondentes modificacións ou revisións, non se farán efectivos os investimentos acordados.

9. O plan especial dos proxectos de ordenación de montes con contratos temporais de xestión pública terá unha duración de 10 anos, debendo ser obxecto ao cabo dos 5 anos, dunha actualización, que en ningún caso terá consideración de revisión ou modificación, á fin de corrixir deficiencias relacionadas con posibles atrasos no prazo de execución das actuacións planificadas, ou coa superficie total de actuación, toda vez que por motivos técnicos xustificadas actuacións non se puideran executar na totalidade das unidades de actuación. Dita actualización deberá ser comunicada ao propietario dos terreos ou titular do dereito sobre o monte.

10. En ningún caso entenderase esgotado o plan especial cando non se executaran as actuacións alí planificadas, especialmente aquelas referidas aos aproveitamentos finais e posterior accións de rexeneración, por ser estas as que transforman o monte até un estado ordenado. De xeito excepcional, e previa xustificación técnica, determinadas actuacións planificadas no dito plan especial poderán non ser obxecto de execución, debendo, en calquera caso, comunicarllo de forma motivada, á propiedade ou titular dos terreos suxeitos a contrato.

11. Non se permitirán novas plantacións, sexa por medios naturais ou artificiais, co xénero *Eucalyptus*.

No caso de que previamente exista superficie de monte cuxa especie principal ou secundaria do xénero *Eucalyptus* presente unha cabida superior ao 15%, o plan xeral dos proxectos de ordenación aprobados deberá reducila até que a superficie ordenada cuxa especie principal ou secundaria sexa do xénero *Eucalyptus* non supere en ningún caso o 15% da superficie total ordenada. En ditas superficies non se aplicará intensidade de axuda



XUNTA DE GALICIA

algunha, non sendo de aplicación o disposto no artigo 2, e debendo imputar como anticipo reintegrable o 100% dos custes de actuación.

12. Os custes asociados á resolución de discrepancias entre o rexistro da propiedade e o catastro deberán ser partidas concretas do plan especial do proxecto de ordenación, que deberán abordarse nos primeiros dous anos, a contar dende o día seguinte á sinatura do contrato.

Artigo 7. Certificación da xestión forestal sustentable

A xestión forestal dos montes obxecto do contrato deberá estar avaliada polo menos por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación.

Artigo 8. Aproveitamentos do monte

1. Entenderanse por aproveitamentos derivados do monte a efectos do presente Decreto tanto os madeirables como os non madeirables, incluídos, a madeira, a biomasa forestal, os pastos, os aproveitamentos cinexéticos, micolóxicos, os froitos, as cortizas, as fibras naturais, as resinas, as plantas aromáticas e medicinais, e os produtos apícolas, entre outros, que se desenvolvan en montes ou terreos forestais.

2. Serán obxecto do contrato temporal de xestión pública non só os aproveitamentos que xurdan a partires da sinatura do contrato senón tamén os aproveitamentos preexistentes, sempre e cando a titularidade dos mesmos non fora obxecto de cesión a terceiros. En calquera caso de existir un canon periódico estipulado en ditas cesións, o seu importe formará parte das partidas de ingresos aos que se lles aplicará a porcentaxe correspondente á fin de aboar o saldo debedor anticipado pola Administración, tal como establece o artigo 24.

Artigo 9. Alleamentos dos aproveitamentos do monte.

1. O alleamento de todos os aproveitamentos do monte corresponde, con carácter xeral, ao propietario ou titular do monte, previa taxación realizada pola Administración forestal e sempre baixo os requirimentos contemplados nos pregos técnico-facultativos fixados por esta, á fin de dar cumprimento as especificacións dispostas polas normas que regulan os sistemas de certificación forestal.

2. En todo caso, o outorgamento da licenza de corta á que se refire o artigo 90 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia queda condicionada ao previo pago da porcentaxe de anticipo reintegrable fixado no contrato polo propietario dos terreos ou titular.

3. Contra dito pago se fará un asento contable, se actualizará o saldo e se remitirá ao propietario información detallada relativa a dito saldo.



XUNTA DE GALICIA

4. O propietario poderá solicitar potestativamente á administración forestal, o servizo para a xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte.

CAPÍTULO III

Procedemento para a formalización dos contratos temporais de xestión

Artigo 10. Publicación das convocatorias

1. Con carácter periódico se establecerán convocatorias que serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia mediante resolución do órgano competente.
2. As citadas convocatorias incluírán, entre outros requisitos, o procedemento de tramitación, prazo de presentación das solicitudes e os créditos asinados.

Artigo 11. Resolución e notificación ós interesados

1. Examinada toda a documentación presentada, e no suposto de que non cumpra algún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na lei básica de procedemento administrativo común.
2. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, a Administración forestal resolverá e notificará aos interesados, a resolución nun prazo que non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, agás que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.
3. A resolución ditada deberá ser expresa e motivada. A resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da convocatoria debendo, en todo caso quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Artigo 12. Resolución, notificación e recursos

1. A resolución, asinada polo titular da consellería competente ou persoa na que delegue, deberá recoller, xunto cos aspectos que se establezan nas bases reguladoras da convocatoria o seguinte:
 - a) Identificación da superficie total do monte obxecto de contrato.
 - b) Usos ou aproveitamentos existentes e/ou previstos.
 - c) Prazo de duración dos contrato temporal de xestión pública.



XUNTA DE GALICIA

2. Toda notificación deberán ser cursadas dentro dos dez días dende a data no que o acto fose ditado, nos termos establecidos nos artigos da 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Unha vez notificada ao interesado a resolución, este deberá aceptala expresamente no prazo de 10 días dende que lle sexa notificada. No caso de non existir aceptación expresa, a resolución quedará sen efecto.

4. Contra as resolucións ditadas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería en materia de montes que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a notificación; ou ben poderase interpoñer recurso contencioso no prazo de dous meses a contar dende a mesma data.

Artigo 13. *Contido mínimo do contrato*

1. O contrato de xestión pública conterá como mínimo:

- a) A identificación das partes asinantes.
- b) Acreditación de capacidade de obrar por parte do propietario do monte.
- c) Acreditación da titularidade dominical da totalidade do monte.
- d) A identificación territorial, incluída a referencia catastral, da totalidade do monte.
- e) A duración do contrato, e de ser o caso, das prórrogas previstas.
- f) Os dereitos e obrigas de ambas partes contratantes.
- g) A porcentaxe de anticipo reintegrable, o cadro/táboa de amortización, os xuros e a porcentaxe subvencionable.
- h) As modalidades de xestión, seguimento, control e avaliación,
- i) A posibilidade de subrogacións, resolución contractual e extinción.
- j) O réxime xurídico do contrato e a xurisdición á que, en caso de conflito, se somete o contrato.
- k) Acta previa de estado actual do monte.
- l) A cantidade anual en concepto de servizos de xestión que os propietarios haberán de reservar.

2. O contrato establecerá as obrigas a cumprir por ámbalas dúas partes asinantes, expresadas de xeito determinado e concreto nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, resultando o seu contido comprensible e inequívoco e o seu cumprimento obxectivamente verificable.

3. Á fin de verificar a capacidade de obrar por parte do propietario do monte, solicitarase do Rexistro da Propiedade certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, e que acredite o nome das persoas a favor das que estea rexistrado, expresando título de adquisición, cargas ou gravames de calquera clase rexistradas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade. Asemade, e co mesmo fin, solicitar dos centros directivos e entes pertencentes á consellería con competencias en materia de agricultura e gandería, a



XUNTA DE GALICIA

posible relación das persoas concesionarias de axudas que se outorgaran no monte nos últimos 5 anos.

4. Elaborarase unha Acta previa do estado no que se atopa o monte antes da sinatura do contrato. A referida Acta se formalizará a través dun modelo normalizado aprobado polo órgano forestal e deberá asinarse por técnico competente da administración forestal e a propiedade.

5. Os contratos que se subscriban afectando en todo ou en parte a espazos da Rede Natura 2000 ou outros espazos ou áreas protexidas conterán compromisos conformes cos obxectivos de conservación que ditos espazos teñan establecidos, na procura de actividades e usos compatibles.

Artigo 14. Sinatura dos contratos temporais de xestión pública

1. Coa sinatura dos contratos temporais de xestión pública, os titulares dos montes manterán non só a plena propiedade dos mesmos senón a súa íntegra gobernanza, contratando coa Administración a xestión temporal do monte. Dita xestión farase axustándose ao disposto no proxecto de ordenación.

2. Rematado o contrato de xestión, os propietarios manterán a obriga legal de levar a gobernanza do monte a través dun axeitado asesoramento técnico, cumprir o proxecto de ordenación e manter a certificación forestal, cando menos durante un prazo de 20 anos. A Administración velará polo cumprimento destes compromisos.

3. Nos montes obxecto dos contratos temporais de xestión pública, os seus titulares non poderán ser beneficiarios de ningún tipo de axudas públicas vencelladas a actividade forestal e outorgadas polo órgano forestal. Asemade para a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais será necesario informe favorable previo de compatibilidade emitido polo órgano forestal.

Artigo 15. Inscripción dos contratos de xestión

Os contratos que se asinen deberán inscribirse por parte da Administración responsable da súa execución no Sistema Rexistral Forestal de Galicia, na sección "Rexistro de montes de xestión pública".

Artigo 16. Informe anual

No primeiro trimestre de cada ano a entidade propietaria será informada da execución das actuacións contempladas no proxecto de ordenación, así como de posibles incidencias puntuais de xestión que en ningún caso supoñan cambios substanciais, mediante a elaboración dun informe. Dito informe incluírá un capítulo contable no que se reflecta o estado das contas do contrato.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 17. *Duración dos contratos temporais de xestión pública*

1. Os contratos temporais de xestión terán a duración determinada para que a Administración recupere a porcentaxe establecida do investimento feito no monte, cos seus xuros correspondentes, establecéndose, con carácter xeral, unha duración temporal de 10 anos.
2. En caso de abono da totalidade do saldo debedor o contrato quedará extinguido. Contablemente poderán producirse situacións puntuais que supoñan a extinción do saldo debedor, pero que non varíen o estado de insuficiencia ou inexistencia de recursos económicos e financeiros do monte, como a afectación por incendio, temporais ou pragas e doenzas. Os devanditos supostos non serán causa de extinción do contrato aínda que de forma conxuntural se produza unha extinción de saldo debedor. Esta situación deberá ser informada á persoa propietaria ou titular dos terreos, a cal terá a potestade de solicitar e serlle outorgada a resolución do contrato por terse resarcido o saldo debedor, aínda que como se sinala, dito resarcimento fora de carácter puntual.
3. En caso de que rematados os dez anos non tivera lugar o reintegro de dito saldo debedor, prorrogarase o contrato automaticamente por prazos anuais ata que o completo abono teña lugar, en calquera caso, será de aplicación o disposto no apartado 8 do artigo 6. De forma motivada, poderase ampliar o prazo inicial de dez anos, até un máximo de vinte anos, cando se estea nos previstos dispostos no artigo 4 apartados a), d) e máis e).

Artigo 18. *Obrigas da Administración*

A Administración asinante dos contratos temporais de xestión pública estará obrigada a:

- a) Acometer os investimentos en obras e/ou servizos previstos no proxecto de ordenación, así como aqueles outros que, non contemplados no mesmo, sexan necesarios, sempre previa achega da súa xustificación técnica, notificación á propiedade e, cando se trate de aspectos substanciais, coa conformidade da mesma.
- b) Desempeñar o servizo técnico de xestión e a execución do mesmo conforme ao proxecto de ordenación.
- c) Levar unha contabilidade dos ingresos e gastos derivados dos aproveitamentos forestais e investimentos nos montes, independente por cada un dos contratos asinados, e emitir un informe da mesma cos resultados obtidos no último ano consonte o disposto no artigo 25.
- d) Someter a xestión á avaliación dun sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación.
- e) Fomentar e velar pola gobernanza do monte, o cumprimento do proxecto de ordenación e o mantemento da certificación forestal, mesmo tras a conclusión do contrato de xestión.

Artigo 19. *Dereitos da Administración*

A Administración terá dereito a:



XUNTA DE GALICIA

- a) Percibir as cotas porcentuais fixadas nos contratos subscritos, provenientes dos ingresos obtidos polos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, os ingresos procedentes de expropiacións, ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, ata recuperar as cantidades investidas pola Administración en concepto de anticipos reintegrables cos xuros correspondentes.
- b) Percibir o importe polos servizos de xestión forestal, e no caso de que así o desexe, os servizos de xestión dos alleamentos forestais.
- c) Realizar tanto os controis administrativos como as inspeccións en campo en relación á observancia tanto dos compromisos contraídos como do cumprimento das condicións previstas no contrato.

Artigo 20. Obrigas dos propietarios dos montes

Os titulares dos montes asinantes do contrato estarán obrigados a:

- a) Asumir a gobernanza do monte e dos seus aproveitamentos.
- b) Rematado o contrato de xestión, os propietarios manterán a obriga legal de levar a gobernanza do monte a través dun axeitado asesoramento técnico, á actualización e o cumprimento do proxecto de ordenación e o mantemento da certificación forestal durante un prazo mínimo de 20 anos.
- c) Saldar a porcentaxe de anticipo reintegrable remunerada cos xuros correspondentes segundo o que prevea o cadro/táboa de amortización. Asemade, deberá aboar os servizos de xestión forestal, e no caso de que así o desexe, os servizos de xestión dos alleamentos forestais.
- d) Manter o monte no estado de indivisión existente no momento da firma do contrato. Podendo agregarse nova superficie ao contrato inicialmente asinado, mediante addenda correspondente.
- e) Absterse de impoñer sobre o monte calquera tipo de carga ou gravame sen o consentimento expreso da Administración, agás servidumes legais ou forzosas.
- f) Facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos competentes.
- g) Permitir a realización dos controis administrativos e as inspeccións en campo en relación á observancia tanto dos compromisos contraídos como do cumprimento das condicións previstas no contrato.
- h) Solicitar autorización previa ao órgano forestal para, previo informe de compatibilidade cos fins globais do proxecto, acometer polos seus propios medios ou mediante axudas doutros departamentos ou administracións, inversións en actividades e/ou instalacións recreativas, lúdicas ou asistenciais no monte.
- i) Dar a súa conformidade expresa e dar cumprimento ao proxecto de ordenación.

Artigo 21. Dereitos dos propietarios dos montes

Os propietarios terán dereito a:

- a) Conservar, en todo momento, a plena titularidade do monte e tamén a completa gobernanza do mesmo e dos seus aproveitamentos.



XUNTA DE GALICIA

- b) Facer seus os produtos e aproveitamentos do monte e proceder ao seu alleamento ou solicitar o servizo de xestión dos alleamentos dos aproveitamentos do monte á Administración, sempre, mediante previa taxación e baixo os requirimentos contemplados nos pregos técnico-facultativos establecidos pola Administración forestal, incluída a certificación forestal.
- c) Dar a súa conformidade expresa aos proxectos de ordenación.
- d) Recibir copia do informe anual do estado das contas resultantes da aplicación do contrato. Asemade cada vez que se produza un alleamento, logo de emitida a factura pertinente, a Administración forestal actualizará o saldo e se remitirá ao propietario información detallada relativa a dito saldo.
- e) Ser informado das incidencias que se puideran producir durante a xestión do monte pola Administración, así como dos resultados das auditorías en materia de certificación forestal.
- f) Facer súas todas as melloras realizadas no monte consonte ao contrato de xestión, si ben os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais serán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería.

Artigo 22. *Resolución dos contratos temporais de xestión pública*

1. Será causa de extinción do contrato a recuperación por parte da Administración da contía dos anticipos realizados, incluída a súa devolución anticipada, en ambos casos cos xuros correspondentes.
2. Son causas de resolución do contrato as seguintes:
 - a) Imposicións de cargas ou gravames forzosas ou voluntarias sobre o monte, agás servidumes legais ou forzosas e ocupacións temporais.
 - b) División ou segregación das fincas obxecto do contrato.
 - c) Atraso inescusable ou incumprimento das obrigas de calquera das partes, debidamente acreditado e, en particular, a non aprobación do proxecto de ordenación transcorrido o prazo dun ano dende a sinatura do contrato.
 - d) Autorización de calquera uso ou actividade na superficie obxecto de contrato non contemplado no proxecto de ordenación, sen acordo previa entre as partes. Se se alteran gravemente as actuacións financiadas pola administración na execución do proxecto de ordenación como consecuencia da autorización pola propiedade de actividades incompatibles cos usos dispostos en dito proxecto, o importe das actuacións que se tiveran realizadas se imputarán integramente como gastos no estado de contas, non aplicándose porcentaxe de axuda algunha.
 - e) Obtención concorrente de axudas outorgadas por outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os mesmos fins, sen informe favorable previo de compatibilidade emitido polo órgano forestal.
 - f) Común acordo entre ámbalas dúas partes asinantes.
 - g) Que o plan xeral dos proxectos de ordenación aprobados estableza unha superficie ordenada superior ao 15% da superficie total, onde a especie principal ou secundaria sexa do xénero *Eucalyptus*.
3. No caso de cambio de titularidade do monte por sentenza xudicial firme, resolución administrativa, laudo arbitral ou resolución similar, agás as resultantes dun procedemento de concentración parcelaria ou expropiación forzosa, poderase dar por resolto o contrato,



XUNTA DE GALICIA

tendo dereito a Administración tanto á recuperación do anticipo reintegrable pendente de abono, cos xuros correspondentes, como ao resarcimento dos danos e prexuízos ocasionados, debidamente acreditados.

4. En caso de que o monte obxecto do contrato sexa incluído nun procedemento de concentración parcelaria ou estea afectado por un procedemento expropiatorio que comporte unha modificación substancial na superficie obxecto do contrato, os compromisos previstos no mesmo deben ser adaptados á nova situación do monte, actualizando ou mesmo revisando o seu contido.

Se a adaptación non fose posible e a importancia dos compromisos que non poden ser observados provoca a perda de coherencia do contrato ou rompe o equilibrio contractual existente, a Administración, con audiencia da persoa interesada, poderá resolver o contrato.

5. Se o monte é obxecto de alleamento voluntario o adquirente virá obrigado a subrogarse na posición do vendedor no contrato de xestión pública.

6. En caso de imposibilidade de cumprir co proxecto de ordenación e as obrigas do contrato por causa de forza maior debidamente acreditada, deberanse adoptar as medidas necesarias para adaptar os compromisos á situación resultante. No caso de que a adaptación non resultara posible ou o custo resultara desproporcionado, o contrato quedaría resolto.

7. Sen prexuízo da determinación dos supostos de forza maior conforme ao previsto na lexislación e na xurisprudencia, a efectos deste Decreto terán a consideración de supostos de forza maior os seguintes:

- a) A catástrofe natural grave.
- b) A destrución accidental da totalidade o dunha parte importante dos aproveitamentos.
- c) A epizootia ou doenza vexetal ou animal que afecte á totalidade o a unha parte importante dos aproveitamentos.

CAPÍTULO IV

Contabilidade e fiscalidade dos contratos de xestión

Artigo 23. Natureza dos investimentos

1. Os investimentos nas obras e servizos realizados con cargo aos contratos temporais de xestión pública terán, en parte, natureza de anticipos reintegrables, e en parte a consideración de subvención non reintegrable.

A intensidade da axuda será aquela que corresponda consonte o artigo 2 do presente Decreto.

2. O importe do IVE nunca poderá ter consideración de subvención e, por tanto, deberá ser reintegrado na súa totalidade. Do mesmo xeito a taxa anual pola prestación individualizada



XUNTA DE GALICIA

de servizos de xestión forestal, e se for o caso, de servizos para a xestión dos alleamentos forestais deberá ser aboada pola propiedade ou titular.

3. A taxa anual pola prestación individualizada de servizos de xestión forestal estará en función do número e importe das actuacións en materia de investimentos previstas no plan especial do proxecto de ordenación aprobado.

4. De ter que aplicar taxas en concepto de dirección de obra ou similar na realización de obras e servizos, estas serán soportadas polo beneficiario do servizo, e por tanto non computaran aos efectos previstos no apartado 1.

Artigo 24. *Anticipos reintegrables*

1. O importe correspondente ao anticipo reintegrable xerará os xuros equivalentes ao interese legal do diñeiro e quedarán establecidos, segundo as táboas/cadros de amortización que se publicarán en cada convocatoria.

2. A devolución dos anticipos reintegrables e os xuros correspondentes farase polo propietario con cargo a porcentaxe correspondente dos ingresos obtidos por tódolos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, dos ingresos procedentes de expropiacións, ou de calquera outro ingreso de natureza extraordinaria obtido do mesmo, agás os ingresos xerados a partires dos produtos resultantes de incendios forestais, pragas ou temporais, en cuxo caso o cargo farase do 100 por cento, non estando comprendidos entre ditos produtos resultantes as indemnizacións resultantes da cobertura dun seguro forestal.

3. No caso dos montes veciñais en man común e dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo, a parte considerada como anticipo reintegrable terá a condición de reinvestimento en mellora e protección forestal consonte ao disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. De igual xeito, o importe correspondente de axuda, terá a consideración de ingreso.

Artigo 25. *Contabilidade dos contratos de xestión*

1. A Administración realizará asentos contables de modo diferenciado en cada contrato asinado.

2. As contas dos contratos de xestión actualizaranse anualmente de acordo cos xuros equivalentes ao interese legal do diñeiro e serán comunicadas, mediante a elaboración dun informe, nos tres primeiros meses de cada exercicio, por escrito e en detalle, á propiedade.

3. O criterio aplicado no rexistro de asentos contables basearase nun principio de devengo, de xeito tal que a imputación de ingresos e gastos deberá facerse en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan e con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Deste xeito computaranse no exercicio onde se realizou a actuación, e por tanto se facturou, independentemente de cando se tivera pagado ou cobrado.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 26. *Imposto sobre o Valor Engadido nos contratos*

1. Os titulares dos montes obxecto do contrato terán a consideración de suxeitos pasivos do IVE, polo que serán eles os que deberán figurar como destinatarios nas facturas.
2. Cando a Administración satisfaga materialmente o importe das facturas polas obras e servizos executados, esta deberá figurar tamén nas facturas.
3. Os titulares dos montes estarán obrigados a comunicar por escrito á Administración cal é o Réxime de IVE que lles resulta de aplicación, así coma calquera cambio que se produza do mesmo, unha vez feita a comunicación inicial. Esta producirase no prazo de dez días hábiles trala sinatura do contrato.

Artigo 27. *Comunicación á Facenda Pública*

A Administración comunicaralle á Facenda Pública os importes totais e porcentaxes de anticipo reintegrable e de subvención non reintegrable destinados aos montes de cada titular asinante do contrato, sexan persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 28. *Controis, infraccións e sancións*

1. A observancia dos compromisos contraídos e o cumprimento de todas as condicións legais están sometidos a control, que se realizarán en diferentes épocas do ano e deben consistir tanto en controis administrativos como en inspeccións sobre o terreo.
2. O propietario contratante debe permitir a realización dos controis previstos no apartado anterior, de xeito tal que a negativa ou oposición é causa de resolución do contrato permitindo esixir ao propietario o reembolso dos anticipos reintegrables con resarcimento de danos e abono de intereses, sen prexuízo das sancións que resulten aplicables.
3. Aos propietarios seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas en materia de montes, subvencións e demais normativa en vigor.

Artigo 29. *Control financeiro*

1. Alén dos controis administrativos que se detallarán nas bases reguladoras, a Consellería competente en materia forestal poderá realizar as comprobacións e inspeccións que considere oportuno co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada.
2. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. De igual xeito, e sempre que as actuacións estean financiadas mediante fondos estruturais e de inversión europeos,



XUNTA DE GALICIA

a propiedade estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos de auditoría e control de ditos fondos.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribuna de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como ás actuacións de comprobación que poida efectuar calquera órgano comunitario de inspección ou control.

CAPÍTULO V

Fondo de Melloras

Artigo 30. Fondo de Melloras

1. O Fondo de Melloras ten carácter finalista, destinándose exclusivamente a financiar as actuacións en materia de xestión forestal sustentable dos montes e á realización de investimentos forestais de acordo coas actuacións dispostas nos proxectos de ordenación aprobados.

2. Está dividido en varias Seccións, unha das cales é a “Sección de montes que presentan contratos temporais de xestión pública”, na que serán depositadas as cotas porcentuais fixadas nos contratos subscritos, provenientes dos ingresos obtidos por tódolos aproveitamentos e dos derivados de actos de disposición voluntaria, os ingresos procedentes de expropiacións, ou calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, ata satisfacer as cantidades investidas pola Administración forestal no monte en concepto de anticipos reintegrables.

3. No caso de que un monte obxecto de contrato temporal de xestión pública teña aproveitamentos madeirables e sufra a acción dun incendio forestal ou temporal, o importe resultante dos alleamentos da madeira queimada irán destinados integramente ó Fondo de Melloras, agás que existan excedentes logo da restauración.

4. Unha vez aboados os ingresos percibidos polos aproveitamentos do monte e dos derivados de actos de disposición voluntaria, dos ingresos procedentes de expropiacións, ou de calquera outro ingreso de natureza extraordinaria, os titulares dos montes deberán depositar, mediante transferencia, as cotas porcentuais de aplicación no Fondo de Melloras. No caso de alleamentos forestais, a licenza de aproveitamento ou desfrute, non será emitida polo órgano forestal até que dito depósito se tivera realizado.

5. A cantidade anual en concepto de gastos por servizos de xestión non será depositada no Fondo de Melloras e as súas contías serán fixadas e actualizadas consonte á normativa tributaria da Comunidade Autónoma depositándose onde corresponda consonte á súa natureza de taxa por prestación individualizada de servizo.



XUNTA DE GALICIA

Artigo 31. *Control do Fondo pola Administración*

1. A Xunta de Galicia ostentará as facultades de inspección, intervención, control e coordinación do Fondo mediante a fiscalización das contas aprobadas dos traballos e investimentos realizados anualmente co Fondo de melloras.
2. No fondo de melloras deberanse realizar os asentamentos contables de xeito diferenciado segundo as seccións ás que correspondan.

Disposición adicional primeira. *Seguro de responsabilidade civil*

1. A Administración poderá subscribir un seguro de responsabilidade civil que preste cobertura a todos aqueles danos persoais ou materiais incluídos, entre outros, os causados polo gando que deambule nas zonas obxecto de contrato de xestión sen a previa autorización, en particular daquel gando que deambule sen identificación.
2. Dito custo se repercutirá no contrato e se distribuirá na mesma proporción que resulte a porcentaxe de anticipo reintegrable e subvencionable.

Disposición transitoria primeira. *Cancelación dos consorcios ou convenios existentes*

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes á entrada en vigor deste Decreto serán obxecto de cancelación de oficio antes do 31 de decembro de 2021 nos seguintes casos:
 - a) Os montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor do presente Decreto ou en calquera momento dentro do prazo máximo establecido.
 - b) Os montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido nos artigos 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - c) Os montes que non acaden os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Se considerará que non se teñen cumprido os fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30% da total do consorcio ou convenio, excepto por afectación de incendios forestais con posterioridade á data de entrada en vigor do presente Decreto; nese caso a superficie arborada queimada se considerará como arborada a efectos do cómputo da porcentaxe do 30%.

A efectos do cómputo non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos cinco anos.

2. Aqueles consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes á entrada en vigor deste Decreto que non teñan sido cancelados nos supostos do apartado 1



XUNTA DE GALICIA

se terán por finalizados o 31 de decembro de 2021, momento no que a Administración poderá condonar a súa débeda consonte ao disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei básica 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

3. En caso contrario, os propietarios deberán firmar un contrato de xestión temporal que substitúa ao consorcio ou ao convenio rematado.

4. En caso de non formalización de dito contrato na data establecida o titular deberá abonar o saldo debedor do consorcio ou convenio, podendo abonalo ou ben nun pago único ou ben a través dun plan de devolución plurianual.

5. A estes efectos a Administración ofrecerá plans de devolución anuais ou plurianuais de ata cinco anos consonte aos que se procederá ás cortas precisas para saldar a débeda existente con data de 31 de decembro de 2021, deixando de producir intereses o dito saldo dende o referido 31 de decembro de 2021.

6. En caso de rexeitamento do plan de devolución ou en caso de falta de pagamento total ou parcial da cota disposta no plan, procederase á súa anotación preventiva en concepto de carga real no rexistro da propiedade e os propietarios non poderán obter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a situación de pagos.

7. O pagamento do saldo debedor se realizará integramente no Fondo de Melloras.

Disposición transitoria segunda. Saldo debedor nos contratos temporais de xestión procedentes de convenios ou consorcios finalizados a data 31 de decembro de 2021

1. No novo contrato temporal de xestión publica, se procede dun convenio ou dun consorcio finalizado con data de 31 de decembro de 2021 consonte ao disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 9/17, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, se considerará como primeira partida do anticipo reintegrable do mesmo o saldo debedor, isto é, a diferenza entre as sumas das partidas de gastos sufragados pola Administración debidamente acreditadas con soporte documental e contable e os ingresos do convenio ou consorcio do monte.

2. Sen prexuízo do anterior se considerará liquidado o saldo debedor dos convenios ou consorcios que sexan obxecto de finalización ou de cancelación cando os seus titulares constitúan unha agrupación forestal de xestión conxunta ou pasen a formar parte dela.

3. Para o cálculo do saldo debedor do convenio ou consorcio non se terán en conta as inversións e cargos realizados pola Administración forestal con anterioridade ao ano 2005, sen que iso supoña, en ningún caso, a existencia dun saldo favorable ao titular do monte.

4. Asemade, a efectos contables as débedas daqueles consorcios realizados pola Administración estarían condonadas polo importe a que ascendera dita conta no momento da clasificación dun monte como veciñal en man común



XUNTA DE GALICIA

5. As cancelacións referidas se publicarán no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da consellería competente en materia de montes.

6. Cando as cancelacións veñan motivadas porque non se teñan acadado os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio, e sempre que a causa non sexa atribuíble á persoa titular, se considerará que as fincas se atopan libres de cargas.

7. Se entenderán extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme.

8. En caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que as fincas se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma se considerará liquidado.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de montes para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, nas materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,.....

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural